

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 30 de decembro de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día trinta de decembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o *Dna. Noemí Outeda Prol* e *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32431.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2022.

2.32432.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”. (Expte.2020032981)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable a solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022027966 e data 16/12/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

I. ANTECEDENTES

Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



En data 29/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, asignándosele o rexistro núm. 202000013224. Tras a súa avaliación, en data 02/12/2021 (rexistro de entrada número: 2021029420), recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

O obxecto do proxecto consiste a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas dos Concellos.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder á Deputación de Pontevedra, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 692.303,08 euros.

Custo elixible admitido para o proxecto

O Custo elixible admitido é o seguinte:

Proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”				
Concello	Custo total elixible	Subvención IDAE (80% FEDER)	Achega Deputación de Pontevedra	Achega concellos
A Cañiza	130.417,15 €	104.333,71 €	10.000,00 €	16.083,44 €
O Grove	98.133,21 €	78.506,53 €	9.813,32 €	9.813,36 €
Pontecesures	99.627,41 €	79.701,91 €	9.962,74 €	9.962,76 €
Meis	99.801,41 €	79.841,12 €	9.980,14 €	9.980,15 €
Nigrán	154.063,93 €	123.251,11 €	10.000,00 €	20.812,82 €
Pontearreas	99.688,69 €	79.750,93 €	9.968,87 €	9.968,89 €
Barro	84.801,50 €	67.841,20 €	8.480,15 €	8.480,15 €
Marín	98.845,74 €	79.076,57 €	9.884,57 €	9.884,60 €
Total	865.379,04 €	692.303,08 €	78.089,79 €	94.986,17 €



Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, adoptou entre outros, o acordo número 5.31102 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, expediente 2020032981.

Posteriormente, mediante resolución presidencial con número 2022006167 e de data 29/08/2022 a Deputación Provincial aproba o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE FEDER-EELL-2020-004631, que conta co cofinanciamento do 80% do FEDER. A través da convocatoria de axudas do IDAE. Expediente 2022004081.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 29/08/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O 30/08/2022 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”.

No tocante o procedemento de contratación sufriu diferentes vicisitudes que foron alongando a resolución do procedemento.



Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a mesa de contratación na súa sesión de data 15/09/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa e documentación correspondente á proposta avaliable mediante criterios que precisen un xuízo de valor. Posteriormente, a Mesa de contratación na súa sesión de data 07/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres B correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Rematado o prazo de presentación de ofertas para levar a cabo a citada contratación, e unha vez realizado o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Consultora de Ingeniería, Medio ambiente y Arquitectura SL presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require xustificación.

Solicítase aclaración a empresa e achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 19 de outubro do 2022, considera que a xustificación presentada pola empresa non xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á mesa de contratación que non fose admitida. Dilatándose no tempo os trámites de adxudicación.

Mediante resolución presidencial con número 2022007864 con data 08/11/2022 a Deputación Provincial, adxudica mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas residuais en varios municipios da provincia de Pontevedra dentro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 ao amparo do RD 316/2019 de 26 de abril do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 á empresa Inberso Tecnologías SL, CIF B-27.861.335). Expediente 2022004081. Así como acorda a exclusión da empresa Consultora de ingeniería, medio ambiente y arquitectura SL, CIF B-15.952.369, (CIMARQ) ao considerar que non explica satisfactoriamente o prezo ofertado o que podería por en risco a execución do contrato a satisfacción da Administración.

A empresa adxudicataria, Inberso Tecnologías SL, ten un prazo máximo de (1) un mes para a redacción dos proxectos correspondentes ás actuacións mencionadas. Unha vez entregados os proxectos por parte da empresa adxudicataria, a Deputación estará en disposición de iniciar o procedemento de contratación para a execución dos traballos necesarios para a execución das actividades recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631. Adxudicado este segundo procedemento de contratación, a Deputación poderá acreditar a formalización das contratacións ante o IDAE.

Ante esta circunstancia imprevista, co fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 02/06/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.



En data 18/11/2022, e con número de rexistro de entrada 202200029401 no IDAE, a Deputación de Pontevedra presenta ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 02/06/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 16/12/2022 (rexistro de entrada na Deputación 2022027966) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitado para da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 02/12/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, ao proxecto FEDER-EELL-2020-004631, estendéndose dito prazo ata o 02/06/2023.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.



- Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLRFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.
- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compéetelle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o fortalecemento domiciliario de auga potable e saneamento.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.



III. CONCLUSIONES

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación co fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, depuración de augas residuais e desalgación dos concellos.

Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda debido á necesidade de xustificar por parte dunha empresa un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 que a súa vez son necesarios para licitar a execución dos citados traballos.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 16/12/2022 (rexistro de entrada na Deputación 2022027966) recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitado para a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 02/12/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 865.379,04 euros, asignándolle o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631, estendéndose dito prazo ata o 02/06/2023.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022027966 e data 16/12/2022 na que acepta a modificación do prazo de acreditación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda, estendéndose dito prazo ata o 02/06/2023 e, por tanto, modifica a resolución de data 02/12/2021.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da modificación do prazo de acreditación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, expediente 2020032981, de acordo co exposto nos antecedentes.



IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo

Documento asinado electronicamente á marxe”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 19/12/2022, e da Intervención Provincial de data 22/12/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da modificación do prazo de acreditación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” (expediente 2020032981), aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022027966 e data 16/12/2022, estendéndose dito prazo ata o 02/06/2023.
- Dar traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

3.32433.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-D5000-2021-001085 “INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOCONSUMO CONECTADAS Á REDE EN DIVERSOS EDIFICIOS DOS MUNICIPIOS DE CALDAS DE REIS, CATOIRA, DOZÓN, FORCAREI E RIBADUMILA” E CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (Expte.2021052801)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “Á vista da Resolución favorable de concesión dunha axuda polo IDAE con destino ao proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na



Deputación de Pontevedra número 2022027497 e data 09/12/2022 e, ao mesmo tempo, conceder as axudas comprometidas pola Deputación ós concellos de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia, a xefa do servizo de Cooperación, emite o seguinte:

V. ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está segundo o artigo 36.1.d), “o fomento do desenvolvemento económico e social e a defensa dos intereses peculiares da provincia”
- Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131) desde a Deputación de Pontevedra informouse ás entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao amparo das medidas elixibles recollidas no Anexo I do Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, promovidas polo Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (en diante IDAE). Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica, entre outras, as solicitudes de participación de varios concellos nos citados proxectos a presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra.
- Para canalizar as solicitudes de participación dos concellos considerados de “reto demográfico” é precisa a presentación de proxectos singulares, ao amparo do Real Decreto 692/2021 do IDAE (programa DUS 5000) detállase a seguinte:

Medida (Anexo I)	Concellos	Proxectos singulares a presentar DUS 5000
Medida 2. Instalacións de xeración eléctrica renovable para autoconsumo, con ou sen almacenamento	Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia	Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia

- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade.
- O obxecto do proxecto é a instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.



Concretamente as actuacións consisten na:

- Instalación de 11 solares fotovoltaicas con modalidade de autoconsumo con vertido á rede de excedentes, distribuídas en 5 municipios da provincia de Pontevedra en concreto en Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia.
- Con esta actuación no concello de Caldas de Reis na casa consistorial a potencia eléctrica da instalación será de 21,76 kW e a súa produción anual estimada será de 26.658 kWh e no polideportivo e na piscina municipal a potencia eléctrica da instalación será de 20,40 kW e a súa produción anual estimada será de 23.876 kWh.
- Por outra banda, no concello de Catoira, no colexio público integrado a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 12.677 kWh e no pavillón de deportes a potencia eléctrica da instalación será de 5,44 kW e a súa produción anual estimada será de 7.023 kWh.
- Con respecto ao concello de Dozón, na casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.533 kWh/h, no centro de saúde a potencia eléctrica da instalación será de 2,72 kW e a súa produción anual estimada de 3.478 kWh, e no albergue a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada de 14.828 kWh/h.
- No caso do concello de Forcarei, na súa casa do concello a potencia eléctrica da instalación será de 8,16 kW e a súa produción anual estimada será de 10.115 kWh/h.
- E no concello de Ribadumia, na piscina e no club náutico a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.081 kWh/h, na casa da cultura a potencia eléctrica da instalación será de 10,88 kW e a súa produción anual estimada será de 13.227 kWh/h, e por último, no complexo deportivo a potencia eléctrica da instalación será de 16,32 kW e a súa produción anual estimada será de 21.585 kWh/h.
- Ascendendo así o investimento elixible do proxecto a 159.303,76 euros.
- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Instalacións solares fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”, asignándolle o rexistro número 202100017465. Tras a súa avaliación, en data 09/12/2022, con rexistro de entrada número 2022027497 recíbese resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGeneration -EU por un importe de 134.065,98 euros, asignándolle o número de proxecto PR-D5000-2021-001085.
- As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento refléctense na seguinte táboa:

Instalacións solares fotovoltaicas II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia				
Municipio	Custo total elixible	Subvención máxima IDAE (85%)	Aportación Deputación de Pontevedra (8% fondos propios)	Aportación Concellos (7% Fondos propios)
Caldas de Reis	55.823,35 €	47.232,83 €	4.465,87 €	4.124,65 €
Catoira	21.564,62 €	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €



<i>Dozón</i>	21.564,62 €	17.767,33 €	1.725,17 €	2.072,12 €
<i>Forcarei</i>	10.759,32 €	9.145,42 €	860,75 €	753,15 €
<i>Ribadumia</i>	49.591,85 €	42.153,07 €	3.967,35 €	3.471,43 €
<i>Totais</i>	159.303,76 €	134.065,98 €	12.744,31 €	12.493,47 €

- En canto á súa desagregación atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

<i>“Instalacións solares fotovoltaicas II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”</i>	
<i>Concepto</i>	<i>Importe</i>
<i>Total presuposto execución material</i>	102.400,00€
<i>Gastos xerais (13%)</i>	13.312,00€
<i>Beneficio industrial (6%)</i>	6.144,00€
<i>Total presuposto execución por contrata obra</i>	121.856,00€
<i>IVE(21%)</i>	25.589,76€
<i>Total presuposto</i>	147.445,76€
<i>Redacción de proxecto e dirección facultativa</i>	9.800,00€
<i>Total custo de execución proxecto elixible (€)</i>	131.656,00€
<i>Total custo de execución proxecto elixible con IVE (€)</i>	159.303,76€

- Unha vez concedida á axuda e aceptada, a súa execución está prevista que se realice tanto a contratación como a súa execución por parte desta Deputación Provincial no exercicio 2023 a 2024 (14 meses), sendo necesario dotar crédito nos orzamentos de ditos exercicios, de acordo co cronograma que se aprrobe, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

<i>“Instalacións fotovoltaicas sostibles II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”</i>			
<i>Entidade</i>	<i>Execución (100% inversión elixible admitida)</i>	<i>Execución en 2023</i>	<i>Execución en 2024</i>
<i>Axuda concedida IDAE (85%)</i>	134.065,98 €	134.065,98 €	-
<i>Aportación Deputación de Pontevedra</i>	12.744,31 €	12.744,31 €	-
<i>Aportación concellos</i>	12.493,47 €	12.493,47 €	-
<i>Total</i>	159.303,76 €	159.303,76 €	-

- Á vista do anterior cumpre a súa vez a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios.



VI. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Competencia:

- De conformidade co previsto na resolución de concesión, no prazo de (12) doce meses desde a notificación da resolución de concesión, o beneficiario deberá acreditar iniciar a tramitación dos procedementos de contratación das subministracións, obras e/o servizos necesarios para a execución do proxecto obxecto de axuda, achegando a través da Sede electrónica do IDAE copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil do Contratante ou, no seu caso, os certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas no proxecto.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.
- Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.



- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición pecuniaria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.



VII. CONCLUSIÓNS

O proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000), foi presentado ante o IDAE pola Deputación co obxecto da instalación de solares fotovoltaicas, é dicir, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo aos fondos cargo a fondos NextGeneration-EU (máximo 85% do custo elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación de Pontevedra do 8% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 10.000 euros, e achegando o importe restante os concellos de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia como concellos beneficiarios.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 134.065,98 euros correspondentes á subvención concedida mediante a resolución de concesión de axudas do IDAE número do proxecto PR-D5000-2021-001085, de data 09/12/2022 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2022027497.

Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 12.493,47 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia.

Tamén cómpre realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 12.744,31 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.

Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, iníciase os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.

En consecuencia, cómpre completar o financiamento do proxecto subvencionado mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 12.744,31 euros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda concedida polo IDAE o proxecto PR-D5000-2021-001085 “Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia” e a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.



VIII. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 19/12/2022, e da Intervención Provincial de data 17/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-001085 “*Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia*” para a súa execución, mediante Resolución Favorable do Director Xeral do IDAE con número de rexistro de entrada 2022027497 na Deputación de Pontevedra en data 09/12/2022 por un importe de 134.065,98 euros, sendo o total do investimento elixible admitido a cantidade de 159.303,76 euros.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2023-2024 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

“Instalacións fotovoltaicas sostibles II: Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”			
Entidade	Execución (100% inversión elixible admitida)	Execución en 2023	Execución en 2024
Axuda concedida IDAE (85%)	134.065,98 €	134.065,98 €	-
Achega Deputación de Pontevedra	12.744,31 €	12.744,31 €	-
Aportación concellos	12.493,47 €	12.493,47 €	-
Total	159.303,76 €	159.303,76 €	-



- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos concellos de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto PR-D5000-2021-001085 “*Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia*” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación) que se relacionan a continuación:

Instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia”	
Concello	Aportación máxima Deputación de Pontevedra
Caldas de Reis	4.465,87€
Catoira	1.725,17€
Dozón	1.725,17€
Forcarei	860,75€
Ribadumia	3.967,35€
Total	12.744,31€

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 12.744,31 euros na aplicación 22/942.1700.652.15/2021 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
 - A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada ate a data da sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas a desenvolver, obrigas e dereitos das partes.
 - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
 - Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ó abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



- Segundo co asinado no acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto IDAE PR-D5000-2021-001085 “*Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia*” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implican a instalación de solares fotovoltaicas, un sistema de xeración eléctrica que transforma a radiación solar en enerxía eléctrica renovable mediante o efecto fotovoltaico, en edificios e infraestruturas públicas.
 - Calquera outra obriga estipulada no referido acordo entre beneficiarios para o proxecto IDAE PR-D5000-2021-001085 “*Instalacións fotovoltaicas sostibles II: instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo conectadas á rede en diversos edificios dos municipios de Caldas de Reis, Catoira, Dozón, Forcarei e Ribadumia*” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

4.32434.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REPARACIÓN DE CUBERTA E FACHADA NA ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO POIO)”.
(Expte.2021050993)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/06/2022 acordou adxudicar á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*” por un importe de 348.455,80 €, e un prazo de execución de catro (4) meses.

O mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 02/12/2022 acordou conceder á empresa COVISAM NORTE, S.L., unha prórroga de un mes e medio na execución do contrato de obras “*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/01/2023.

Con data 21/12/2022 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre trinta (30) días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que nas últimas semanas as condicións climáticas adversas non estaban a permitir un desenvolvemento das obras da fachada. Con choiva non é posible realizar as labores de selado das compoñentes da cuberta, nin aplicar o material de acabado da fachada. A previsión para os próximos días tamén é de choiva, o que impide realizar os traballos restantes. Na acta recóllese que a porcentaxe de obra executada é do 70,54 %, estando pendentes de executar unidades de obra por importe de 102.646,36 €. Xúntase á acta anexo de medicións da obra executada.



Resultando.- Que con data 22/12/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: *Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que as condicións climatolóxicas adversas que se están a producir e que se esperan para os vindeiros días, son incompatibles coas unidades de obra pendentes de executar. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre TRINTA (30) DIAS para a finalización do prazo de execución.*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras *“Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)”*, con efectos dende o 21/12/2022.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre trinta (30) días para finalizar a obra.



5.32435.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA-PONTE CALDELAS, ENTRE OS P.Q. 8+775 E O P.Q. 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)”. (Exp.te.2022015054)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/08/2022 acordou adxudicar á empresa *Construcciones y Obras Taboada Y Ramos S.L.*, (CIF:B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” por un importe de 233.538,08 € IVE incluído, e un prazo de execución de seis (6) meses.

Con data 19/09/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 19/03/2023.

Con data 22/12/2022 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre oitenta e sete (87) días para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta que as previsións meteorolóxicas que están acontecendo e que se agardan para os próximos días e semanas son desfavorables para a obra e incompatibles coa tipoloxía de unidades de obra que están pendentes de executar, polo que se estima que é preciso paralizar as obras ata que mellore a climatoloxía. Recolle a acta unha porcentaxe de obra executada do 2,17% , quedando un importe pendente de executar de 228.441,34 €.

Resultando.- Que con data 23/12/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra, dedúcese que as condicións climatolóxicas adversas que se están a producir e que se esperan para os vindeiros días, son incompatibles coas unidades de obra pendentes de executar. En base ó recollido polo director de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre ochenta e sete (87) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Non consta no expediente anexo á acta de paralización, coa medición da obra executada e os materiais acopiados, polo que deberá xuntarse o mesmo dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende a data de formalización da citada acta...*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”



Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a suspensión total da execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)” con efectos dende o 22/12/2022.

Non consta no expediente anexo á acta de paralización, coa medición da obra executada e os materiais acopiados, polo que deberá xuntarse o mesmo dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende a data de formalización da citada acta.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre oitenta e sete (87) días para finalizar a obra.

6.32436.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO OBRAS “ÁREA RECEPCIÓN DE VISITANTES DO CASTELO DE SOUTOMAIOR (CONCELLO DE SOUTOMAIOR)”. (Expte. 2021003493)

Resultando.- A Deputación de Pontevedra é propietaria do Castelo de Soutomaior e dos terreos nos que se localiza, no Concello de Soutomaior. Foi declarado Ben de Interese Cultural por resolución da Dirección Xeral de Belas Artes e Arquivos do 17/10/1994.

Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é necesario que este dispoña duns accesos e dunhas instalacións adecuadas, que permitan un correcto desenvolvemento deste servizo público.

Resultando.- O Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de deseñar un espazo que funcione como área de recepción, acollida e información, pero tamén como lugar de encontro. Ademais, da necesidade de centralizar os accesos nun único punto para garantir o control e a seguridade.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Soutomaior)”, redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, cun orzamento base de licitación de 575.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle un código (CSV):9I860GAHV9YJGIBC.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior”. O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 1 de febreiro do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e do proxecto de execución desta obra.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/03/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” sendo a única empresa admitida neste procedemento CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.

Resultando.- Que a empresa CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. constituíu na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 23.743,70 €, segundo queda acreditado en carta de pago de data 10/05/2022 con número de operación 202200092351.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2022, acordou adxudicar á empresa CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)” por un importe de 574.597,50 €, IVE incluído.

Resultando.- Que o Contrato administrativo foi formalizado entre as partes na data 15/06/2022, recolléndose no mesmo un prazo de execución de 6 meses a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 14/07/2022 tivo entrada a través do rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista no que solicita a resolución do contrato de mutuo acordo, debido a que o contexto de excepcional inflación e inestabilidade de prezos a nivel mundial, dende a firma do contrato e antes da firma da acta de comprobación de replanteo, tras realizar un estudo económico, apreciase unha subida dos prezos respecto ó orzamento adxudicado, do 45%.

Resultando.- Que con data 27/10/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Arquitectura en función, recollendo o seguinte: “...O Servizo de Arquitectura considera que a situación conxuntural actual marcada por unha tendencia á alza dos prezos e a escaseza de materias primas permite estimar que os prezos das unidades previstas no proxecto, coas da realidade do mercado, poden estar incrementados ao redor dun 40%. Isto imposibilita a execución do contrato. Atendendo ao anterior, pode indicarse que a execución do contrato resultaría contraproducente para a administración e inapropiado na satisfacción do interese público....”



Resultando.-Que con data 07/11/2022 formalizouse entre o contratista e representantes da Deputación, acta de resolución do contrato recollendo a mesma que “...non podendo ser os prezos actualizados revisados ou realizar unha modificación do contrato, entendemos que, neste caso en particular, polo retraso considerable na licitación da obra, non imputable ó contratista, establécese unha resolución por mutuo acordo do contrato, de conformidade co previsto no apartado c) do artigo 211 da LCSP. Para elo se establece neste documento os termos e condicións da extinción do contrato que unha vez asinados vinculan a ambas partes. Estes son os seguintes: 1) A Deputación de Pontevedra non ten ningunha obriga de pago pendente en referencia ós traballos realizados consecuencia da preparación ou execución deste contrato, e por tanto unha vez resolto se entenderá como liquidado o contrato. 2) O contratista renuncia ó dereito a realizar reclamación económica ante calquera órgano administrativo ou xudicial, polo traballos comprendidos dentro deste contrato e non realizados. Incluso os de preparación. 3) O acordo de resolución de mutuo acordo será elevado ó órgano de contratación competente, determinando no mesmo a devolución íntegra da garantía definitiva depositada polo contratista por importe de 23.743,70 € ó non existir culpabilidade coñecida por parte de CITANLAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U...”

Resultando.- Que con data 07/11/2022 emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación coa conformidade co Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...Pódese observar que en base ós documentos que obran no expediente, os prezos do proxecto no ano da súa redacción 2020 eran adecuados, pero unha vez solicitados diversos permisos sectoriais e licenzas pertinentes para execución do contrato, a finais do ano 2021, produciuse un incremento de prezos nas materias primas. Dentro do período de licitación, 24 de febreiro de 2022, produciuse a ocupación de Ucraia por parte de Rusia, acontecemento que provocou un terremoto xeopolítico coas súas repercusións económicas provocando que as materias primas disparasen o seu prezo. Situación que é recoñecida polos servizos técnicos da Deputación, situando o incremento nun 40% con respecto ó proxecto. Resulta un indicio claro do prezo non axustado ó mercado a concorrencia da única empresa ó procedemento que indo practicamente ó tipo contractual, o cal non é habitual en procedementos de similares características. Existe unha realidade que é que no momento no que se vai iniciar a execución do contrato, ano 2022, somos conscientes de que os prezos non se adecúan á realidade do mercado; o que non permite declarar como “xusto” o prezo existente na actualidade; e esta circunstancia non asegura o cumprimento efectivo da execución do contrato, tal como establece o artigo 102.3 da LCSP; xa que pode provocar unha situación contraproducente para o contratista co desequilibrio económico, que como dita a nosa experiencia, pode supoñer un risco para a execución do contrato con tensión e discrepancias na interpretación do proxecto, retrasos, paralizacións, baixadas de calidades de materiais...etc; que, se ben poden ser reconducibles a través das ferramentas que prevé a Lei, tampouco podemos desdeñar os custos que ten para a administración a súa lánguida tramitación, o que pode ser contraposto ó interese público e carrexar un sobrecusto. Non podendo ser os prezos actualizados, revisados, nin sequera a través do Real Decreto-Lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercancías por estrada e funcionamento da cadea lóxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, de 115 de xullo de 2020, polo que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e Directiva 2014/67/UE para o desprazamento de condutores no sector do transporte por estrada e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, que contempla un reximen de revisión de prezos extraordinario e excepcional sobre uns elementos moi determinados que tampouco encaixan cos materiais deste proxecto. E tendo en consideración, que o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, tampouco deixa expedita posibilidade de modificar o contrato, ó considerar o prezo como un elemento esencial do contrato. Polo tanto, non podendo ser os prezos actualizados, revisados ou realizar unha modificación do contrato, entendemos que, neste caso en particular, polo retraso considerable na



licitación da obra, non imputable ó contratista e de maneira excepcional, pola situación imprevista da invasión de Ucraia que disparou os prezos, permitiría considerar a resolución de mutuo acordo do contrato ó non existir, nestes momentos incumprimentos do contrato por parte do contratista...”

Resultando.- Que consta no expediente dilixencia de conformidade respecto dos informes do persoal técnico que obran no expediente e do informe conxunto de Contratación e da Secretaría Xeral. Na citada dilixencia sinalase que á data de hoxe (21/12/2022), na contabilidade provincial non consta ningún pago á empresa.

Considerando.- Que a LCSP obriga as administracións a non celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento das súas institucionais, xustificando no expediente a propia necesidade do contrato e se o seu deseño xurídico é o mais adecuado para obtelos.

Considerando.- Que o artigo 102 da LCSP, dispón que o prezo constitúe a retribución do contratista e que “será o adecuado para o efectivo cumprimento do contrato, mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado”, polo que se pretende logra o establecemento de prezos acorde coa realidade e evitar tanto os que vaian por exceso ou defecto.

Considerando.- Que o prezo dos contratos é un elemento esencial dos mesmos, que debe de ser certo e adecuado ó mercado, describíndose coma “xusto” co fin de pagar o que realmente custa, evitando o enriquecemento dunha das partes.

Considerando.- Que as excepcionais circunstancias sociais e económicas actuais, levaron ó goberno a aprobar o Real Decreto-Lei 3/2022, de 1 de marzo, de medidas para a mellora da sostenibilidade do transporte de mercancías por estrada e do funcionamento da cadea lóxística e polo que se transpone a Directiva (UE) 2022/1057, de 15 de xullo de 2020, polo que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71 CE e á Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, que contempla un réxime de revisión de prezos extraordinario e excepcional sobre uns elementos moi determinados que tampouco encaixan cos materiais obxecto deste proxecto.

Considerando.- Que o artigo 211.c) da LCSP recolle no referente ás causas de resolución dos contratos, o mutuo acordo entre a Administración e o contratista. No mutuo acordo debe de darse a concorrencia de vontades entre a administración e contratista.

Considerando.- Que a vontade do contratista de chegar ó mutuo acordo manifestouno mediante escrito CSV: 4Y1UOZPO44FDTXVL, e data 14/7/2022 concretada na acta de resolución por mutuo acordo formalizada entre as partes na data 07/11/2022 (CSV): L3SW485SDW0OTF0G.

Considerando.- Que o artigo 213.5 do mesmo texto legal recolle que: *“...o acordo de resolución conterá pronunciamiento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía....”*



Considerando.- Que o artigo 111.1 da LCSP establece que: “...A garantía non será devolta ou cancelada ata que fora producido o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Resolver o contrato de obras “Área recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior (Concello de Soutomaior)” adxudicado á empresa CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. por un importe de 574.597,50 € IVE incluído.
2. Proceder á devolución da garantía definitiva constituída por CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U., por importe de 23.743,70 €, segundo queda acreditado en carta de pago de data 10/05/2022 con número de operación 202200092351.

Establécense coma termos e condicións da extinción deste contrato que vinculan a ambas partes, as seguintes:

- 1) A Deputación de Pontevedra non ten ningunha obriga de pago pendente en referencia ós traballos realizados consecuencia da preparación ou execución deste contrato, e por tanto unha vez resolto se entenderá como liquidado o contrato.
- 2) O contratista renuncia ó dereito a realizar reclamación económica ante calquera órgano administrativo ou xudicial, polo traballos comprendidos dentro deste contrato e non realizados. Incluso os de preparación.
- 3) O acordo de resolución de mutuo acordo será elevado ó órgano de contratación competente, determinando no mesmo a devolución íntegra da garantía definitiva depositada polo contratista por importe de 23.743,70 € ó non existir culpabilidade coñecida por parte de CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.”

7.32437.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2023”. (Expte.2022062867)

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



A Deputación de Pontevedra, convoca o programa “*En ruta coa Depo 2023*”, dirixido a entidades sen ánimo de lucro, a través do que se lles ofrecen alternativas de ocio e de tempo libre aos distintos colectivos socios da provincia, coa finalidade de fomentar o tecido asociativo e a convivencia, e ao mesmo tempo promover e dar a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

Trátase dun plan cun claro obxectivo social, xa que permite que as entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra, poidan realizar unha das 33 excursións recollidas no catálogo de 33 rutas ofertadas, acompañadas de persoal especializado. Estas excursión axudarán a desestacionalizar o turismo da provincia, inclúen as visitas guiada, o xantar e os traslados.

O programa conta con arraigo entre a poboación destinataria, de xeito que nos últimos anos incrementouse a participación chegando a cubrirse ata 20.000 prazas das cales 300 ofértanse de balde. O contido do Programa consiste en pasar un día de convivencia pola nosa provincia, incluíndose os traslados de ida e de volta en autobús desde os concellos de orixe, sendo en todo momento acompañados por persoal da empresa adxudicataria.

A Deputada Delegada de Cohesión Social ditou providencia de inicio solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación do servizo de “Xestión, desenvolvemento e execución do programa “*En ruta coa Depo 2023*” dentro do ámbito dos programas de participación social, xa que a execución deste programa require a dotación de persoal especializado (guías de turismo), contratación de autobuses, planificación das saídas e visitas guiadas, polo que este servizo no conta con medios propios para poder levar a cabo o mesmo de forma directa, necesitando dunha empresa especializada no sector para a implantación do mesmo.

Xunto coa referida providencia remitiuse o prego de prescricións técnicas e o Anexo I Catálogo de 33 rutas, que rexerán na contratación.

Resultando que con data 29/11/2022, a Intervención emite documento RC fut con número de operación 202200241504 por importe de 479.450,00€ para o ano 2023, con cargo a aplicación orzamentaria 2023/231.2311.227.07, do correspondente orzamento provincial.

Na Memoria xustificativa do contrato, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determinase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa *En ruta coa Depo 2023*, que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 9 de decembro de 2022. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o



artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral remítese o expediente ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. Resultando que con data 21/12/2022 a Intervención informa favorablemente o expediente.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada do servizo de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa “En ruta coa Depo 2023” organizado pola Deputación de Pontevedra*”. O orzamento base de licitación que asume a Deputación (límite máximo do gasto, IVE engadido), é de 479.450,00€, tendo en conta que o número de máximo de prazas ofertadas é de 20.000.
- 2.- Autorizar o gasto por importe máximo de 479.450,00€ que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do correspondente orzamento provincial. Ao tratarse dunha contratación anticipada quedará condicionada a aprobación do orzamento do exercicio 2023 e a existencia de crédito axeitado e suficiente.
- 3.- Aprobar o prego prescricións técnicas con (csv) GH8VL7X7AIRQASPM, o Anexo a dito prego.- Catálogo de rutas con (CSV) POVM9P9VVBQMS94Q e o prego de cláusulas económico-administrativas (csv) CNT0A32KHZQQY95W que rexerán en dita contratación.
- 4.- Designar como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude ou a persoa en quen delegue.
- 5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de presentación de ofertas que rematará as 10 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío do anuncio ao DOUE.



8.32438.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022075786, que contén 12 facturas e por un importe de 1.141,78 €, e con CSV: JIPCNC6D56H0G1TS, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/12/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	1.141,78 €
Descontos do IRPF	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	1.141,78 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2022075793, que contén 20 facturas e por un importe de 57.771,37 € e con CSV: OYC78GTMFSWPWK50, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/12/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	57.771,37 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	57.771,37 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



9.32439.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE.2022075778)

Vista a relación de facturas con número 2022075778, que contén 3 facturas e por un importe de 2.821,21 € e con CSV: A76KHB5O5AC4COH7, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/12/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.821,21 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.821,21 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

10.32440.- APROBACIÓN DA II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A “IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA” (Expte. 2022070742)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica*”, (Expte. 2020036145), cuxa duración remata o 10 de marzo de 2023.

Segundo.- Corresponde aos órganos de goberno e xestión das deputacións provinciais prestar asistencia en materia de administración electrónica e contratación centralizada a concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, conforme ao previsto no artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL). Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determina que as deputacións provinciais teñen como competencias propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos, sen limitación de poboación, que desde a entrada en vigor da LPAC só pode ser electrónico.



Por outra parte, as administracións públicas, e en concreto os concello da provincia de Pontevedra, deben garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coa administración conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- Sendo consciente das dificultades da posta en práctica das disposicións sobre administración electrónica, estableceuse nas leis citadas un tempo para que estas fosen de aplicación efectiva. Así, mentres con carácter xeral, a Lei 39/2015 entrou en vigor o 2 de outubro de 2016, determinadas previsións relativas á existencia de rexistros electrónicos, ao rexistro electrónico de apoderamentos, ao rexistro electrónico de empregados públicos habilitados, ao punto de acceso xeral electrónico da Administración e ao arquivo único electrónico fóronse demorando sucesivamente, primeiro ata o 2 de outubro de 2020 (ampliación de prazo fixada polo Real Decreto-lei 11/2018) e finalmente ata o 2 de abril de 2021 (ampliación fixada pola disposición final sexta do Real Decreto-lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente).

Nesta liña, o funcionamento electrónico das administracións públicas (AAPP) establecido pola LPAC e a LRXSP, determinou a obrigaición de dispor de determinados instrumentos e ferramentas de administración electrónica. Así mesmo, tanto a Lei 25/2013 como a LCSP imponen outros servizos complementarios de administración electrónica, como son a facturación electrónica e os sistemas de contratación centralizada.

Cuarto.- En atención ás competencias propias e ao importante número de entidades locais adheridas e de conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno, por acordo, en sesión celebrada en data 24 de novembro de 2022, modificado posteriormente por acordo nº 24.32387 de data 9 de decembro de 2022, prorrogou o contrato que rexe a prestación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra (Exp. nº 2020029219) ata o 10 de marzo de 2024.

Quinto.- Actualmente son 54 concellos, 4 mancomunidades e 6 entidades locais menores as adheridas ao convenio de colaboración para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Sexto.- A Deputación de Pontevedra ten interese en dar continuidade ao devandito servizo a través da aprobación dunha segunda prórroga, ao tenor da habilitación prevista na cláusula Décima do Convenio, onde se establece que o mesmo “...poderá ser prorrogado de forma expresa a través de addendas, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro anos conforme ao disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”



Por todo o exposto, e vistos os informes favorables do asesor xurídico en Novas Tecnoloxías de data 20 de decembro de 2022 e da Intervención Xeral de data 27 de decembro de 2022 e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a presente II Addenda, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a II Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co seguinte texto:

II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

En Pontevedra/ [o]

INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.

D^a/D. [o], alcaldesa/ alcalde/ presidenta/ presidente do Concello/ Entidade Local de [o], actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes reconécense con capacidade para formalizar esta II addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 16 de outubro de 2020 aprobouse o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica. (Expte. 2020036145), cuxa duración remata o 10 de marzo de 2023.

Segundo.- Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



Terceiro.- A Xunta de Goberno, por acordo, en sesión celebrada en data 24 de novembro de 2022, modificado posteriormente por acordo nº 24.32387, de data 9 de decembro de 2022, prorrogou o contrato que rexe a prestación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra (Exp. nº 2020029219) ata o 10 de marzo de 2024.

Cuarto.- Corresponde aos órganos de goberno e xestión das deputacións provinciais prestar asistencia en materia de administración electrónica e contratación centralizada a concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, conforme ao previsto no artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL). Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, d) determina que as deputacións provinciais teñen como competencias propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos.

Quinto.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexto.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da grande demanda e a importancia do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para 54 concellos, 4 mancomunidades e 6 entidades locais menores adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta II Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

Sétimo.- Resultando de interese para as Entidades Locais continuar co servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio

Ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2024, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.

A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo máximo establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDA.- Efectos da II Addenda

A presente II Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo modificacións expostas na presente II Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.



TERCEIRA.- Réxime Xurídico

A regulación establecida nesta II Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente II Addenda ao “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica”.

Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización da mencionada II Addenda mediante a súa sinatura.

11.32441.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 13/2018 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE SERVIDORES PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2022043170)

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para adxudicación do contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para a “*subministración dun sistema de servidores de servidores para a Deputación de Pontevedra*”, polo importe de 856.602,92 € (IVE incluído).

Así mesmo, no mesmo Acordo apróbase o documento de segunda licitación (CSV: JOZSB5ZFNJJ4P8O7) que rexerá dita contratación e dispónse a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 1 do acordo marco 13/2018 do sistema estatal de contratación centralizada, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que remata ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

En data 30/11/2022, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra procedeuse a notificar as invitacións as empresas que forman parte deste acordo marco.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 26/12/2022, procédese a descriptación e descarga das ofertas presentadas a través da plataforma Vortal en data 26/12/2022.

A empresa presentada á licitación é a seguinte:

- ALTIA CONSULTORES, S.A. (A15456585)

As seguintes empresas achegan escrito no que xustifica os motivos polos que non presentan oferta:

- ACUNTIA, S.A.U. (NIF: A-80.644.081)
- ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A. (NIF: A-28.634.046)
- ATOS SPAIN, S.A.U. (NIF: A-28.240.752)



- BECHTLE DIRECT, S.L.U. (NIF: B-83.029.439)
- HEWLETT-PACKARD SERVICIOS ESPAÑA S.L.U. (NIF: B-82.591.470)
- INTERNATIONAL BUSINESS MACHINES, S.A. (NIF: A-28.010.791)
- KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (NIF: A-81.069.197)
- LOGICALIS SPAIN, S.L.U. (NIF: B-82.832.155)
- NTT DATA SPAIN, S.L. (NIF: B-82.387.770)
- SEIDOR, S.A. (NIF: A-08.854.929)
- T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (NIF: A-81.608.077)
- UTE CENTRO REGIONAL DE SERVICIOS AVANZADOS, S.A. Y CIBERNOS CONSULTING, S.A. (NIF: U-09.606.062)
- UTE GMV SOLUCIONES GLOBALES INTERNET, TSYVALUE, GMV AEROSPACE AND DEFENCE (NIF: U-88.474.887)
- UTE OMEGA PERIPHERALS, S.L. (NIF: U-67.568.253)
- UTE SERVICIOS MICROINFORMÁTICA, AVENET IT, TÉCNICOS ASOCIADOS INF. SPHERA, DATEK (NIF: U-88.476.700)

A oferta presentada é a seguinte:

Empresa	Prezo ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo ofertado, con IVE
Altia Consultores, S.A.	652.639,70 €	137.054,34 €	789.694,04 €

Feitas as valoracións de acordo cos criterios automáticos establecidos no documento de segunda licitación, a empresa ALTIA CONSULTORES, S.A. (A15456585) é a que obtén maior puntuación (100 puntos) e non incorre en baixa temeraria, polo que é a empresa que resulta adxudicataria.

Considerando que todas as empresas invitadas á licitación teñen a obriga de presentar oferta ou informar ao organismo peticionario de que non poden dar cobertura ao contrato indicando as concretas características que impiden a súa participación no procedemento de licitación. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á exclusión temporal prevista na cláusula XVI ou á resolución prevista na cláusula XVII do prego de cláusulas administrativas que rexe o Acordo marco para o subministro de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestrutura (AM13/2018).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (...)”, e no punto 4 establece que “Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco”.



Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación”.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar á empresa ALTIA CONSULTORES, S.A. (NIF: A15456585) a subministración dun sistema de servidores da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no AM 13/2018 do Sistema Estatal de Contratación Centralizada para o subministro de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestrutura (Lote 1: Servidores), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado, que achega a seguinte oferta:

Prezo sen IVE	IVE (21%)	Prezo con IVE
652.639,70 €	137.054,34 €	789.694,04 €

O prazo máximo de entrega será de 4 meses para subministro e instalación, contados desde a adxudicación do contrato. Igualmente, fíxase un prazo de execución do contrato de 3 anos para licencias, soporte e mantemento).

2.- As obrigas derivadas do presente contrato financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total
2023	22/926.9260.626.01.2021	29.240,35 €
	22/926.9260.626.01	517.679,98 €
	23/926.9260.641.00	48.451,10 €
2023 (8 meses)	23/926.9260.227.23	21.648,98 €
2024	24/926.9260.641.00	48.451,10 €
	24/926.9260.227.23	32.473,47 €
2025	25/926.9260.641.00	48.451,10 €
	25/926.9260.227.23	32.473,47 €
2026 (4 meses)	26/926.9260.227.23	10.824,49 €
Total		789.694,04 €



Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2023, 2024, 2025 e 2026 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

3.-Nomear como responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

12.32442.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

13.32443.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

